


# Plan Estratégico do Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA



# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. PROCESO PARTICIPATIVO

3. DIAGNOSE

4. VALORES ESTRATÉXICOS E PRINCIPIOS DE XESTIÓN

5. MISIÓN, RETOS E VISIÓN ESTRATÉXICA DO XACOBEO

6. EIXES ESTRATÉXICOS E PROGRAMAS DE ACCIÓN

7. ORZAMENTO

8. IMPACTO ESPERADO

9. PRIMEIROS FITOS DO XACOBEO 2021



1.

## INTRODUCCIÓN

PLAN ESTRATÉGICO DO XACOBEO 2021



*“O poder creador dos camiños alumou en Galicia un mundo de cultura e de universalidade”*

*Francisco Fernández del Riego, Sinais dunha cultura*

Desde a Idade Media, persoas de toda orixe e condición camiñan acotío cara Santiago de Compostela polas rutas xacobeas. Avanzan traéndonos a súa cultura, a súa lingua e a súa idiosincrasia. Deixándonos, polo tanto, a súa pegada, pero tamén recibindo algo de nós. **A historia xacobeas en Galicia é unha historia de intercambio e hospitalidade**, unha historia de progreso, encontro intercultural e dinamización socioeconómica que, de xeito colectivo, tratamos de perfeccionar.

A cultura debe ser diversa, atractiva, integradora e respectuosa, incluíndo o dereito á acción e participación de todas as persoas. A realidade é plural e cada un de nós, pola nosa orixe e valores, tamén o somos. Desde esta certeza pretendemos construír, a través do fomento de procesos participativos, **un Xacobeo 2021 que non deixe fóra a ninguén, que sexa a suma de todos os esforzos, persoais e institucionais**, que conte coa Galicia moza, e aposte pola calidade e a innovación.



A peregrinación compostelá é un fenómeno que, aos poucos, atrae camiñantes todos os anos desde a propia fundación da cidade, no ano 830. Así a todo, un privilexio xubilar outorgado polo Papa Calixto II a Compostela no ano 1122, unha concesión coñecida como o Ano Santo ou Xacobeo, marca un antes e un despois na crecente afluencia peregrina e o prestixio do xubileo compostelán. Esta concesión determinaba indulxencias plenarias para o peregrino que acudise ao encontro co Apóstolo os anos nos que o 25 de xullo coincide en domingo, feito que acontece de xeito regular en intervalos de seis, cinco, seis e once anos.

A devandita peculiaridade levou a que, no que vai de século XXI, só se dese esta circunstancia en 2004 e 2010. Chegaremos, xa que logo, ao 2021, que suporá o número cento vinte dos Anos Santos Composteláns, despois de ter pasado once anos sen un Xacobeo.

Desde a Xunta de Galicia queremos **aproveitar este fito para organizar unha conmemoración excepcional**, un Xacobeo único e diferente. A distancia temporal co anterior, celebrado en 2010, que podería supor unha certa desconexión ou mesmo descoñecemento por parte da poboación máis nova, fai necesario devolver a ilusión sobre o que significa un acontecemento destas características e mobilizar a cidadanía para que conecte de novo co espírito do Xacobeo.

Este é un dos piares nos que se apoiará o presente Plan Estratéxico Xacobeo 2021, **un plan que busca que a cidadanía galega se implique e adquira protagonismo, que participe activamente** a través do impulso de iniciativas propias. A poboación galega debe gozar do Camiño e dos actos organizados co gallo da celebración do Xacobeo, mais cómpre, de igual modo, que contribúa a facelo mellor, sendo actores do mesmo, achegando ideas e reforzando o papel de celebración e acollida.

A cidadanía galega, como protagonista e axente receptor, adquire un rol esencial no recibimento dos peregrinos. Trátase de amosar con orgullo as nosas tradicións e a nosa cultura, de fornecer as bases para crear unha cidadanía activa, que perciba a celebración como algo propio, que se sinta non só incumbida, senón precisa e necesaria, clave para acadar o éxito, que se sustenta en último termo no enriquecemento mutuo.

Así como é fundamental a implicación da cidadanía, non o é menos **a cooperación doutras administracións, galegas e de fóra de Galicia**. Este non debe ser só un plan da Xunta, cómpre implicar aos concellos, ás deputacións e aos gobernos das comunidades autónomas polas que pasa o Camiño e ao propio Estado, así como a outras entidades, como a Igrexa ou asociacións, especialmente ás de amigos do Camiño, elemento clave na súa preservación. A idea de cooperación é, polo tanto, outro dos eixes principais do presente plan.



De feito, o Plan Estratéxico do Xacobeo 2021 integra como un dos seus eixes transversais a acción do Concello de Santiago de Compostela desde o punto de vista da acollida, na que contará co apoio e colaboración da Xunta de Galicia. Esta complementariedade esténdese á cooperación interadministrativa a través de órganos como o Consejo Jacobeo, para fomentar a colaboración entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, ou o Consorcio de Santiago, órgano executor do Real Padroado.

Neste sentido, o Plan Estratéxico dá cabida á incorporación das **achegas da Administración do Estado**, entre outros aspectos, nun ambicioso **Plan de Rehabilitación dos bens de interese cultural presentes nos diversos Camiños**. Unha colaboración que permitiría a **intervención nunha cifra superior aos trinta conxuntos monumentais**, co consecuente beneficio local, engadido á salvagarda e posta en valor dunha escolma extraordinaria do herdo que como sociedade temos recibido dos nosos devanceiros.

Así mesmo, é necesario salientar a dimensión europea presente no Plan. O Camiño é desde 1987 o primeiro Itinerario Cultural Europeo. O Vello Continente precisa, agora máis que nunca, dun referente como o Camiño, como elemento que vertebra, une e harmoniza. **Un espazo de encontro que achega valores positivos**, enlazando pasado e presente, e contribuíndo á construción europea.

O Camiño de Santiago é, sen dúbida, o perfecto exemplo de historia e tradición común, unha idea fundamental que se debe pór en valor nun momento como o presente, onde se está a cuestionar o valor do espírito europeo. Galicia e o Camiño, adquiren, pois, un papel relevante como elemento cohesivo de primeira orde, como referente e sinal de identidade que reforza o sentimento de pertenza común, e así debe reflectirse na celebración do vindeiro Xacobeo.

Con respecto aos beneficios que terá para Galicia, a Xunta quere converter esta celebración en algo extraordinario e único, de repercusión internacional, que supoña unha panca de actividade económica e impulse a nosa promoción no exterior. O Xacobeo 2021 debe significar unha oportunidade para fomentar a nosa cultura, coidar a nosa paisaxe e promover o noso talento. Un acontecemento que atraerá recursos e estimulará a nosa economía, especialmente a dos territorios rurais por onde pasa o camiño.

O Xacobeo 2021 constituirá, ademais, unha oportunidade única para **crear comunidade local, cohesión e sentimento de orgullo** entre as galegas e os galegos. Todo sen esquecer a importancia da sustentabilidade. Recibir varios centos de milleiros de visitantes durante o Ano Santo debe ser compatible coa protección do medio, da paisaxe, das tradicións e dos seus valores. Potenciar rutas menos transitadas ou promover a desestacionalización da peregrinación son só algunhas ideas para diversificar o Camiño que están presentes neste Plan e que redundarán na preservación deste.

En resumo, o vindeiro Xacobeo será celebración, pero concibida tamén como oportunidade para trazar o camiño da Galicia da próxima década. Un acontecemento memorable que busca deixar a súa propia pegada. Será, ante todo, un Xacobeo pensado para que perdure o seu legado coa vista posta no vindeiro Ano Santo, o de 2027.

De aí a importancia da sustentabilidade, un reto que garantirá a transmisión deste singular fito e o seu éxito de cara a próximas citas. Será en definitiva un Xacobeo centrado na xente, creativo, innovador e contemporáneo, no que a poboación galega sexa protagonista indiscutible, que xerará orgullo e participación, unha celebración activa, participativa e igualitaria. En definitiva, **un Xacobeo de todas e todos**.



## CELEBRACIÓN

- Extraordinaria e única, sobre a base das peregrinacións e o [Camiño de Santiago](#), de repercusións mundiais

## OPORTUNIDADE

- Para poñer en valor a nosa [cultura](#), paisaxe, a nosa memoria e o talento local
- Para atraer recursos e dinamizar a nosa [economía](#)
- Para os [territorios rurais](#)
- Para desenvolver accións [inovadoras](#)

## IMPULSO

- Para a [promoción](#) de Galicia no exterior
- Para [cohesionar](#) aos galegos e galegas
- Para crear comunidade local e sentimento de orgullo



# Que debe ser *(especialmente)* o Xacobeo 2021?



## ORGULLO

## EUROPEO

## PERDURABLE

Os **galegos e galegas serán os protagonistas**, suxeitos **activos** na execución, participación e desfrute das liñas de actuación e programas propostos (*O teu Xacobeo* é un exemplo do que se quere facer).

É unha oportunidade para reforzar especialmente os vencellos con **Europa e a Unión Europea** nun contexto global no que esta necesita referencias e sinais de identidade que reforcen o sentimento de pertenza común.

Debe garantirse a **sustentabilidade e a pervivencia dos valores do Camiño**, así como unha mellora física das súas infraestruturas, da man das administracións implicadas e as asociacións do Camiño. No eido cultural, servirá para impulsar iniciativas con visos de continuidade.

2.


## PROCESO PARTICIPATIVO

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021



# Como se construíu a estratexia do Xacobeo 2021?

A través dun **proceso participativo** do que formaron parte **máis de 600 persoas**



**6** mesas de traballo técnico con **profesionais** e especialistas

**2** mesas de traballo específicas con **mozos e mozas** menores de 30 anos

Máis de **100** participantes nas mesas de traballo

Máis de **400** enquisas a peregrinas/os de 33 nacionalidades diferentes, na súa chegada a Santiago

Máis de **100** enquisas a representantes de asociacións do Camiño, institucións, programación cultural, industrias culturais e creativas, turismo e comunicación

**30** entrevistas con persoas relevantes da cultura, a política, as artes ou o turismo, así como diferentes especialistas no Camiño



# 3.

## DIAGNOSE

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021





O presente Plan estratéxico debe gardar coherencia coas principais liñas mestras das diferentes políticas da Administración galega para os vindeiros anos. **Galicia entra nunha nova década**, na cal terán lugar dous Xacobeos, e faino co irrenunciable propósito de implicar a todos os galegos e galegas, especialmente ás xeracións máis novas, de afondar na súa vertente **hospitalaria e familiar** para acadar a excelencia na **acollida**, e de aliñarse cos principais obxectivos de sustentabilidade.

Estratexias ou **documentos** marco a ter en conta:

- Plan Director do Camiño de Santiago
- Estratexia do Turismo de Galicia 2020
- Estratexia da Cultura Galega (ECG21)

## MELLORAR respecto a anteriores Xacobeos



Aparece como maioritaria a necesidade de **implicar a poboación galega** no propio Xacobeo. Concretamente un 62,04% elixiu esta cuestión, seguida dunha programación cultural descentralizada territorialmente e desestacionalizada, prioridades ambas para a metade das persoas.

## MANTER de cara ao Xacobeo 2027



Para prolongar as accións postas en marcha de cara ao 2021 e establecer un **nexo de unión co vindeiro Xacobeo 2027**, tres de cada catro expertos/as ven como a ferramenta máis útil a aposta por unha programación pública recorrente e vencellada ao Camiño.




## EXPERIENCIA NO CAMIÑO

Pódese cualificar como sobresaínte a valoración que fan as persoas que chegan a Santiago da súa **experiencia global no Camiño**, cunha nota media de **9,58** sobre un máximo de 10 puntos.


O **98,76% dos peregrinos enquisados** recomendaría facer o Camiño de Santiago.



## EXPERIENCIA NO CAMIÑO



A **valoración diminúe** levemente **segundo aumenta o rango de idade** analizado: o 9,71 que colocan as persoas menores de 30 anos redúcese paulatinamente ata o 9,28 da avaliación outorgada por maiores de 65.



Atendendo á **procedencia**, a cualificación media é inferior segundo se acouta o ámbito territorial, oscilando entre o 9,27 dos galegos e galegas e o 9,67 para o caso de peregrinos e peregrinas doutros países.



## ATRIBUTOS POSITIVOS DO CAMIÑO



Entre os **atributos** que chamaron a atención de peregrinos e peregrinas desde un punto de vista positivo, a **paisaxe** ocupa unha posición predominante, cun 65,51%. Máis da metade da mostra (un 51,12%) destacou a **gastronomía**, mentres que catro de cada dez persoas (o 39,45%) quedaron gratamente sorprendidas co **patrimonio** que atoparon no Camiño e na súa contorna.


## ACOLLIDA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

A cualificación media da experiencia de **acollida na capital galega** é de **8,71 puntos**




Non avalían da mesma forma as persoas maiores de 65 anos, que puntúan a súa experiencia en Santiago cun 8,53, que as de **idades inferiores**, que amosan unha **maior satisfacción**. Así mesmo, os **peregrinos e peregrinas de Galicia son os máis conservadores á hora de valorar** a acollida da cidade compostelá, cunha media dun 8,41, nota que se incrementa ao falar de persoas doutras CC. AA. (8,63) ou doutros países (8,77).

# Diagnose / Enquisa a peregrinos/as



## COÑECEMENTO DO XACOBEO

O Xacobeo é unha marca moi **coñecida** en **Galicia e España**, pero non así no estranxeiro, onde o que nos sitúa é o Camiño de Santiago.





# Diagnose /

## 30 aspectos limitadores

1. Xacobeo é unha marca coñecida en Galicia e en España pero que perde notoriedade no estranxeiro. De feito, só o 46,83% dos peregrinos e peregrinas de fóra de España coñecen o Xacobeo.
2. O último Xacobeo foi no ano 2010, de xeito que a xente máis nova non ten unha lembranza do mesmo, nin das súas implicacións.
3. Asíciase o Xacobeo cunha dotación económica extraordinaria, relacionándoo por tanto co seu papel para intervir en aspectos estruturais, especialmente no ámbito da xestión cultural.
4. Este é o período máis longo entre Xacobeos, por tanto a mobilización social será máis complexa.
5. As grandes empresas xa incorporan nas súas estratexias de Responsabilidade Social Corporativa a programación cultural, dificultando a súa captación en termos de patrocinio.
6. A transversalidade, entendida esta como a integración de diversas disciplinas artísticas nunha acción cultural e a súa orientación cara a un relato común e estruturado, non sempre resultou un elemento esencial na programación de anteriores Xacobeos.
7. Risco de perda da esencia espiritual do Camiño transformándose nunha actividade turística. Neste sentido fálase dunha certa banalización da vivencia do Camiño converténdose nunha simple experiencia de consumo.
8. Tendencia crecente do discurso de masificación e de rexeitamento da figura do visitante, sexa turista ou persoa que peregrina, especialmente na cidade de Santiago.
9. Vinculación da imaxe do Xacobeo coa cidade de Santiago de Compostela.

10. Existe certa desconexión entre as persoas que peregrinan e a poboación local, co que conceptos como hospitalidade, acollida ou interculturalidade, que forman parte de xeito indisoluble do Camiño, non teñen tanta influencia.

11. Pese a que existe un compromiso coa protección do patrimonio inmaterial, a realidade indica que nos atopamos nun contexto de perda do mesmo.

12. O Xacobeo xera unhas expectativas elevadas. No imaxinario colectivo asíciase aspectos como converterse nun revulsivo económico para Galicia, a súa capacidade para corrixir deficiencias históricas, a inmensidade da programación cultural etc., que poderían ter un efecto contraproducente.

13. Nas enquisas realizadas no marco do presente Plan, a experiencia dos peregrinos e das peregrinas en Santiago é mellorable, tal e como indica a menor valoración que fan con respecto ao seu traxecto no Camiño. Aspectos temporais, como as obras na catedral, inflúen nesta menor cualificación.



# Diagnose /

## 30 aspectos limitadores

14. Problemas derivados da dimensión afectan ao equilibrio entre os visitantes e a veciñanza en Santiago, con incidencia na configuración duns servizos orientados a non residentes.

15. Existe unha percepción negativa de peregrinos e peregrinas como viaxeiros “lowcost”, minimizando o seu impacto na nosa economía.

16. Posibles efectos da programación do Xacobeo sobre a programación cultural consolidada e recorrente.

17. O Xacobeo ten unha imaxe de evento efémero e puntual, non se ten a visión de que é algo perdurable.

18. Escasa oferta de percorridos xacobeos en Santiago, especialmente orientados cara as persoas que peregrinan.

19. É preciso seguir traballando na mellora das condicións de accesibilidade universal.

20. Necesidade de actualización do aloxamento en Galicia, e dificultades no sector do turismo de congresos para o Xacobeo debido á percepción de que pode ser un destino saturado.

21. Existe un risco de desborde en actividades como o aloxamento ou a restauración en momentos de elevada demanda.

22. Dificultade para manter no ano 2022 as cifras de visitantes que se estiman para o Xacobeo, especialmente para aquelas actividades vinculadas ao sector que se dimensionen en base a ese pico da demanda.

23. É preciso reforzar a actuación da función inspectora, posto que prácticas de competencia desleal ou intrusismo poden perxudicar a imaxe de Galicia.

24. Necesidade de fontes de información estatística para o seguimento do Xacobeo, mentres que as fontes oficiais amosan a información con certo retraso.

25. A cultura vén de atravesar uns anos de contracción en termos de gasto, como consecuencia da crise económica.

26. Dificultade para coordinar horarios de apertura de diferentes recursos, especialmente patrimonio eclesiástico. Hai que facelos accesibles ao peregrino.

27. Dificultade para a xestión eficiente daqueles espazos da catedral que deberían estar reservados e orientados cara as persoas que peregrinan.

28. Episodios de concentración de peregrinos e peregrinas en circunstancias moi específicas: períodos concretos do verán, no Camiño Francés e nas localidades máis próximas a Santiago.

29. Ata o momento, o Xacobeo non logrou crear un sentimento de pertenza ou orgullo entre a sociedade galega.

30. En anteriores Anos Santos o crecemento do turismo veu determinado polo incremento do turismo nacional, tal e como indican as estatísticas oficiais.



# Diagnose /

## 30 aspectos facilitadores



1. O Xacobeo e o Camiño son vehículos excepcionais para a posta en valor de Galicia no exterior.
2. Existe unha visión positiva con respecto á descentralización, sendo un evento ao que se sume toda Galicia.
3. A imaxe do Xacobeo débese cualificar como excelente. A nivel social existe unha visión positiva de anteriores edicións, tratándose dunha marca amable.
4. Os peregrinos e peregrinas son os nosos mellores embaixadores. O 98,76% dos que foron enquisados afirma que recomendaría facer o Camiño de Santiago.
5. O Camiño conta cunha serie de valores positivos (acolida, hospitalidade, multiculturalidade etc.) que se estenden de forma natural ao Xacobeo.
6. O Camiño de Santiago é unha ruta de vocación europea.
7. Xa se notan os efectos positivos no turismo, posto que hai reservas para o 2021 aproveitando a celebración do Xacobeo.
8. Iniciativas como *O teu Xacobeo* permiten facer programación cultural da man do sector, involucrar a entes públicos e privados, e poñer en marcha proxectos transversais.
9. O Camiño de Santiago é unha ruta cun alto nivel de seguridade.
10. As persoas que peregrinan teñen unha apreciación moi positiva da súa experiencia no Camiño, cunha valoración de 9,58 sobre 10.
11. A persoa que visita Galicia valora especialmente a paisaxe, a gastronomía e a hospitalidade.
12. A celebración do Xacobeo permite dispor dun escaparate para a promoción do talento galego.
13. Existe un tecido de axentes culturais moi activo e dinámico, no que se poden buscar apoios para o establecemento de colaboracións.
14. Preocupación social pola sustentabilidade, que é algo facilmente asociable ao Camiño e á peregrinación.
15. Existencia dun marco fiscal favorable na figura dos patrocinios, permitindo conseguir recursos adicionais por parte das empresas.
16. A excepcionalidade que supón a indulxencia plenaria desde o punto de vista relixioso facilita a chegada de máis peregrinos e peregrinas no Ano Santo.
17. O Camiño de Santiago é un exemplo de como se poden implementar accións de fixación de poboación no rural, xerando novas actividades de soporte para as persoas que peregrinan.
18. Desde o ano 1993 traballouse na mellora da sinalización do Camiño, cun resultado máis que evidente.
19. A peregrinación reivindicase como unha fórmula alternativa de viaxar, con vínculos claros coa orixe do propio feito de viaxar.
20. Potencial de xerar intercambio e diálogo entre empresas culturais galegas e foráneas.



# Diagnose /

## 30 aspectos facilitadores

21. Oportunidade para involucrar as xeracións máis novas a nivel internacional: voluntariado, Erasmus etc.
22. O Camiño e o Xacobeo son vehículos para o intercambio e diálogo desde o punto de vista social ou relixioso.
23. Nalgúns casos a peregrinación supón un cambio transcendental na vida dunha persoa, ben pola súa motivación, ben polo proceso de reflexión espiritual ou ben por servir de escenario para a toma de decisións esenciais para a súa vida.
24. O Xacobeo crea unha oportunidade para artellar un evento que integre o concepto de orgullo de pertenza a Galicia.
25. A celebración do Xacobeo permite a mobilización económica de recursos para a súa celebración.
26. As mulleres e o colectivo sénior teñen un carácter tractor para a creación de comunidade.
27. A través do Camiño pódense crear produtos turísticos que non teñan un carácter estacional.
28. Nestes últimos anos estanse consolidando todos os Camiños a Santiago, o cal favorece a redistribución de fluxos, a capacidade de crecemento e a sustentabilidade.
29. O Camiño de Santiago é unha das rutas de peregrinación máis importantes do mundo.
30. O Camiño de Santiago é un referente global, de xeito que outras rutas de peregrinación veñen a formarse aquí, como parte do seu proceso de desenvolvemento e crecemento.





# Diagnose prospectiva e conclusións



Todo o proceso de diagnose ten una visión prospectiva, xa que en moitos casos realízanse afirmacións considerando o que pode pasar nun escenario que acontecerá dentro de dous anos. A continuación amósanse unha serie de reflexións que terán unha pegada notable a hora de formular a estratexia do Xacobeo 2021:

- O elemento de proxección exterior debe ser a ligazón con Europa nun momento de crise institucional europea. Esta visión está no discurso de Xacobeos anteriores pero cunha escasa materialización en actividades.
- Os recursos económicos son limitados. É necesario un enfoque rigoroso que identifique aquelas accións que inciden máis na estratexia proposta. Neste sentido débese realizar unha aposta pola calidade na programación cultural.
- A transversalidade nas disciplinas artísticas no proceso de programación debe ter un fío condutor, non unha amalgama de eventos sen conexión estratéxica.

# Diagnose prospectiva e conclusións



- Importancia da sustentabilidade, tanto nos momentos ou tramos do Camiño con maior afluencia, como no impacto no medio natural e sobre a poboación local. Por suposto, o concepto inclusión tamén forma parte desta sustentabilidade.
- Fomentar a perdurabilidade do evento, dunha maneira que permita xerar accións e proxectos que teñan vida máis aló do Xacobeo 2021 e que enlacen co Xacobeo 2027, reforzando tamén o tecido empresarial local. O Xacobeo terá lugar 3 veces en 11 anos.
- Importancia de reter e atraer talento local, contando sempre con el e axudando a xerar orgullo e comunidade local.
- A comunicación, local e internacional é de vital importancia, necesitando traballar conxuntamente a comunicación social, cultural e turística. Neste sentido é necesario potenciar a importancia do proceso de acollida e hospitalidade ao peregrino.
- Recuperar a memoria, os relatos e os costumes como símbolo de orgullo, tanto en clave contemporánea como de futuro. De modo que se poda contar coa implicación de creadores externos cos que poder traballar en procesos de cocreación e coprodución.



# 4.

## VALORES ESTRATÉXICOS E PRINCIPIOS DE XESTIÓN

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021



## 10

### Valores estratéxicos



**Cohesivo**



**Hospitalario**



**Sustentable**



**Creativo,  
innovador e  
contemporáneo**



**Perdurable**



**Singular**



**Experiencial**



**Espiritual e  
relixioso**



**Multicultural**



**Integrador**





## Cohesivo

**Cohesivo.** A intención é integrar á comunidade local, aos peregrinos e peregrinas e ás entidades asociativas vencelladas ao Camiño. O 2021 supón un cambio na estratexia de anteriores Xacobeos, xa que procura a participación activa das persoas que asistan ás celebracións. Non se trata pois de acudir a un evento como suxeito pasivo, senón de participar activamente nel, tamén no deseño e na programación das actividades, coa implicación do tecido empresarial e asociativo na súa execución. Esta participación activa da sociedade galega axuda á cohesión social do noso país.



## Hospitalario

**Hospitalario.** Trátase dun concepto emanado do propio Camiño de Santiago e que se converte en característica esencial de quen peregrina e de quen atende e recibe a peregrinas e peregrinos. No mesmo sentido, Galicia é unha terra que acolle visitantes con hospitalidade, un lugar onde se senten próximos e son recibidos con amabilidade; un espazo onde quedar e gozar.



## Sustentable

**Sustentable.** O Xacobeo 2021 impón un cambio de ciclo, dunha etapa pensada en xerar infraestruturas e poñer en valor o concepto de peregrinación, cara a unha etapa caracterizada pola sustentabilidade, ese concepto auténtico de viaxar e interactuar co noso territorio e a nosa poboación dunha forma respectuosa e respectada. A sustentabilidade enténdense vinculada a tres dimensións, social, económica e medioambiental, cun énfase nos investimentos en paisaxe, natureza e patrimonio, en liña tamén co establecido na Estratexia do Turismo de Galicia 2020.



## Creativo, innovador e contemporáneo

**Creativo, innovador e contemporáneo.** O Xacobeo debe amosar unha imaxe dun pobo moderno, con raíces profundas no noso territorio, pero con capacidade para crear e reinterpretarse cunha nova visión, tanto estética como conceptual, aínda que partindo da tradición e sen esquecer a nosa identidade cultural. Galicia mira cara ao futuro con capacidade de innovación e creatividade, como unha terra moderna e contemporánea.



## Perdurable

**Perdurable.** A pesar de tratarse dunha celebración, o Xacobeo debe ter como vocación un concepto de pegada na nosa sociedade. Neste sentido será necesaria unha viaxe desde unha visión efémera do Xacobeo a un concepto que axude a cambiar o noso territorio e cultura, con vocación de permanencia. Este valor busca contribuír a que algúns dos programas deseñados teñan continuidade, as obras xeradas perduren no tempo e o tecido das industrias culturais e creativas galegas saia reforzado.



## Singular

**Singular.** A celebración está intrinsecamente vencellada ao concepto de Xacobeo. Neste sentido quérese reivindicar a devandita celebración e a súa propia singularidade, con eventos extraordinarios, que soamente se van celebrar ese ano especial. Esta singularidade busca reforzar a necesidade de visitar Galicia no Xacobeo.



## Experiential

**Experiential.** Trátase dun valor relacionado directamente coa participación. Buscarase compartir vivencias e gozar de experiencias; relacionarse e convivir; recrearse e participar en eventos culturais ou espirituais; emocionarse ante expresións artísticas e, en definitiva, vivir o Xacobeo. Este non pode contemplarse, é necesario vir a Galicia e vivilo.



## Espiritual e relixioso

**Espiritual e relixioso.** O Camiño ten a capacidade de xerar un proceso de transformación interior en quen peregrina. Así mesmo, o Xacobeo celébrase porque é Ano Santo, cun elemento extraordinariamente singular a nivel relixioso como é a indulxencia plenaria. Reforzar os valores espirituais do Camiño e preservar a súa esencia é un obxectivo do ano 2021.





## Multicultural

**Multicultural.** O Camiño de Santiago foi sempre unha vía de alta capacidade bidireccional na transmisión de valores, conceptos e elementos culturais, que dá a coñecer a nosa visión da realidade e as nosas manifestacións culturais. Ese concepto de integración de diversas culturas e ese percorrido de ida e volta son claramente definitorios do Xacobeo. Por este motivo, especialmente neste ano, búscase reforzar a proxección exterior deste, con énfase na relación do Camiño con Europa.



## Integrador

**Integrador.** Supón un atributo esencial, non só desde un punto de vista relixioso, senón do propio Camiño, polo que debe adoptarse como un elemento central do Xacobeo na xestión da programación, en clave de accesibilidade de todas as persoas a esta e con especial atención á perspectiva de xénero.

## 10

### Principios de xestión



**Participación**



**Descentralización**



**Igualdade**



**Transversalidade**



**Calidade**



**Sustentabilidade  
ambiental**



**Internacio-  
nalización**



**Talento local**



**Accesibilidade e  
deseño universal**



**Desestacio-  
nalización**



Participación

**Participación.** A propia elaboración do Plan é froito dun proceso participativo, pero a participación é tamén un xeito de programar e de xestionar. *O teu Xacobeo* é un bo exemplo e incide nunha programación deseñada e xestionada en colaboración con entidades públicas e privadas, e tecido asociativo.



Descentralización

**Descentralización.** Aínda que a cidade de Santiago é o punto final onde converxen os Camiños, estes atravesan máis dun terzo dos concellos galegos e vertebran toda Galicia. Complementariamente, a programación debe espallarse por todo o territorio, con especial incidencia no rural, onde o Camiño representa unha oportunidade para fixar poboación e desenvolver unha actividade económica sustentable.



## Igualdade

**Igualdade.** Cómpre velar polo equilibrio e a igualdade efectiva nos criterios da programación e introducir o principio de igualdade nas execucións. Así mesmo, debe incentivarse o desenvolvemento de proxectos construídos con perspectiva de xénero e poñer especial énfase na ausencia de desigualdades, sexismo, marxinación ou violencia contra as mulleres.



## Transversalidade

**Transversalidade.** No actual contexto non pode entenderse unha programación cultural sen este concepto de transversalidade vinculado á necesidade de introducir elementos de xestión cultural nas diferentes actividades que se deseñen, e tamén a través de distintas disciplinas artísticas que se mesturan para xerar produtos culturais máis atractivos.



## Calidade

**Calidade.** Unha programación de calidade incentiva a viaxe e supón un factor detonante da visita a Galicia ese ano, pero tamén estimula a mobilidade interna. Calidade non debe de ser un sinónimo de gasto e de orzamentos elevados, senón dun proxecto conectado coa sociedade, atractivo e cun fío condutor que artelle as diferentes propostas.



## Sustentabilidade ambiental

**Sustentabilidade ambiental.** A preocupación medioambiental e a redución do impacto no noso medio natural deben guiar a xestión operativa dos diferentes eventos. Así, cómpre minimizar a súa pegada e prestar atención a elementos clave, como a preservación da paisaxe, a xestión dos residuos, a reciclaxe, o consumo de recursos enerxéticos etc.





## Internacio- nalización

**Internacionalización.** Dada a oportunidade que supón un Xacobeo para a proxección de Galicia no exterior, buscarase unha programación que conte con achegas culturais externas, para facilitar tamén os procesos de comunicación no estranxeiro, así como aproveitar as xiras dos nosos artistas no exterior ou a programación de eventos fóra das nosas fronteiras.



## Talento local

**Talento local.** En relación directa co principio anterior, é necesario pensar tamén en clave local actuando globalmente. A programación de eventos apoiarase no talento local e tamén nas galegas e os galegos que están no estranxeiro, pero, sobre todo, buscarase relacionar os dous conceptos, a través de coproducións, residencias artísticas ou proxectos colaborativos entre artistas locais e de fóra de Galicia.



## Accesibilidade e deseño universal

**Accesibilidade e deseño universal.** Facilitar a accesibilidade ao propio Camiño, a través dos accesos e a sinalización, ou nos albergues, é unha actividade que xa se está a desenvolver e que se intensifica na preparación do Xacobeo. Pero tamén é necesario garantir esta accesibilidade na xestión cultural, cunha programación inclusiva e universal, e utilizando as oportunidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías.



## Desestacionalización

**Desestacionalización.** Aliñado coa estratexia turística, este principio de xestión facilitará a programación ao longo de todo o ano do Xacobeo, o que propiciará a peregrinación e a visita a Galicia non só no período estival. Esta desestacionalización, unida á necesaria descentralización ao longo dos diferentes trazados do Camiño, inciden directamente nunha xestión máis sustentable do Xacobeo e alivian a presión que se produce en espazos puntuais e en determinados momentos do ano.

# 5.

## MISIÓN, RETOS E VISIÓN ESTRATÉXICA DO XACOBEO

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021




A misión do Xacobeo 2021 é xerar un evento específico, singular e único, sinal de orgullo que, **poñendo en valor o Camiño e a cultura xacobeana, vertebrando a sociedade galega e lle dando visibilidade a Galicia no exterior**, consolidando así a importancia do **Camiño de Santiago na construción europea**.

Como consecuencia da súa misión, incidirá positivamente nos desafíos da **Galicia** da próxima década, **familiar, moza, innovadora e verde**, caracterizada pola **calidade** e coa vista posta no **2027**.

- ▶ Converter á poboación galega na verdadeira protagonista da celebración do Xacobeo 2021, para xerar orgullo, participación e comunidade local, pasando de ser simples espectadores a suxeitos activos no desenvolvemento das actividades e da programación cultural.
- ▶ Proxectar a imaxe de Galicia no exterior, a nivel global pero en especial reforzando os vencellos con Europa e a Unión Europea.
- ▶ Garantir a sustentabilidade do Camiño e preservar os seus valores. Ao rematar a celebración, o Camiño deberá estar en mellor situación en termos ambientais, sociais e económicos.
- ▶ Lograr que a persoa que peregrina ao chegar a Galicia sinta a necesidade de estreitar lazos co territorio e a poboación galega. Hai que converter a peregrinos e peregrinas en verdadeiros embaixadores da nosa terra.
- ▶ Ofrecer unha experiencia baseada na cultura xacobeá aos viaxeiros que chegan a Galicia para ampliar e mellorar a súa percepción do destino.
- ▶ Incrementar a pegada no territorio, especialmente xerando oportunidades de desenvolvemento sustentable no rural.
- ▶ Visibilizar o talento local, en colaboración coa contribución cultural doutros países e creadores, de forma que se xeren produtos e obra perdurable.





O Xacobeo 2021 é un **evento de transcendencia global**, que fai unha **aposta decidida por e para o Camiño e as persoas**, que busca deixar unha pegada caracterizada pola **sustentabilidade, a participación, a descentralización e a diversidade**, con maior capacidade de atracción e proxectando unha **Galicia contemporánea e singular**.

A visión formulada é coherente coa **visión de Galicia** para a vindeira década, un período no que terán lugar tres Xacobeos no prazo de doce anos: 2021, 2027 e 2032.



**Galicia hospitalaria e familiar**, terra de acollida.



Unha Galicia que ofrece oportunidades para as xeracións máis novas, para a **mocidade**.



Un espazo para vivir e con capacidade de desenvolvemento económico, especialmente no medio rural, a través da **innovación**, tanto tecnolóxica como social.



Pero, por riba de todo, unha Galicia **sustentable e verde**, con futuro, coa preservación dos seus valores ambientais e patrimoniais como motivo de orgullo de Galicia.


Así, o vindeiro Xacobeo contribuirá a consolidar unha **Galicia** sinónimo de **calidade**.



# 6.

## EIXES ESTRATÉXICOS E PROGRAMAS DE ACCIÓN


PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021



## Actuando en....



A **celebración**, partindo dos valores xacobeos, permítenos facilitar a reflexión e o diálogo multicultural. A celebración vincula as accións específicas e singulares, propias do Xacobeo.



As **persoas**, os galegos e as galegas e tamén as que peregrinan, para que participen de xeito activo na celebración. Son o suxeito principal e beneficiario das accións que se porán en marcha.



O **Camiño de Santiago**, como o espazo físico sobre o que transcorren as accións, sen o cal non pode entenderse a existencia dun Xacobeo, pero garantindo a súa sustentabilidade e a pervivencia dos seus valores.

Unha ruta de **peregrinación** é un concepto baseado nunha **acción** (camiñar), por parte dunha **persoa ou un grupo** de persoas (camiñante), que se dirixen cara a un **lugar** santo a través dun percorrido (camiño).

# Programas de actuación



## Xacobeo Único

Agrupa actuacións de **carácter singular e único**, que se realizan porque é o Ano Santo, ou as de carácter institucional por mor deste, sen prexuízo da súa perdurabilidade.



## Xacobeo Vivencias

As persoas viven nun espazo e tempo determinado, sexan turistas ou a propia poboación galega. Este espazo, Galicia, caracterízase polo seu **patrimonio, cultura, tradicións e paisaxe**.



## Xacobeo Cidadanía

Accións cara á **proxección internacional** dos eventos, en especial con Europa, a cooperación a través de redes e a colaboración co tecido asociativo, en especial coas asociacións do Camiño.



## Xacobeo Reflexión

En referencia ás actividades vencelladas ao **coñecemento**, o debate, a nosa memoria e arquivo, que destacan o carácter espiritual do Camiño e do Ano Santo.



## Xacobeo Innovación

A utilización dos sentidos a través de **experiencias innovadoras**, tamén turísticas ou gastronómicas, así como o uso da **tecnoloxía** para potencialas.



## Xacobeo Comunidade

Accións que nos permitirán **cohesionar socialmente Galicia**, que converten aos galegos e as galegas en suxeitos activos na celebración do Xacobeo, xerando comunidade, na liña marcada en programas como *O teu Xacobeo*.



## 3 Eixes estratéxicos



**A CELEBRACIÓN**  
(camiñar)



**AS PERSOAS**  
(camiñante)



**O CAMIÑO**  
(camiño)

### 6 Programas estratéxicos

#### Xacobeo Único

ESPAZOS ■ EXTRAORDINARIO  
■ FESTIVIDADE  
■ INSTITUCIONAL  
■ SANTIAGO APÓSTOLO  
■ NOCTURNO

#### Xacobeo Reflexión

ESPAZOS ■ DIÁLOGO  
■ COÑECEMENTO  
■ MEMORIA  
■ EDICIÓN  
■ ESPIRITUAL E RELIXIOSO

#### Xacobeo Vivencias

ESPAZOS ■ ITINERARIOS XACOBEO  
■ PATRIMONIO  
■ NARRATIVAS  
■ TRADICIÓN  
■ VERDE

#### Xacobeo Innovación

ESPAZOS ■ TURISMO  
■ ENOGASTRONOMÍA  
■ DEPORTE  
■ TECNOLOXÍA  
■ MOVEMENTO

#### Xacobeo Cidadanía

ESPAZOS ■ INTERCAMBIO  
■ EUROPA  
■ PROXECCIÓN  
■ AMIZADE  
■ GOBERNANZA


#### Xacobeo Comunidade

ESPAZOS ■ O TEU XACOBEO  
■ DINAMIZACIÓN  
■ MOCIDADE  
■ HOSPITALARIO  
■ ECONOMÍA  
■ PEREGRINAS

## 2 Eixes transversais

■ SOPORTE: Plan de mellora das Infraestruturas

■ ACOLLIDA: Concello de Santiago



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Único  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo extraordinario

## DESCRICIÓN

Aproveitamento da excepcionalidade do Ano Santo para poñer en marcha **iniciativas de calado universal** que poñan en valor o papel histórico de Galicia como epicentro do Camiño de Santiago. O Xacobeo 2021 é unha oportunidade para proxectar a cultura galega no exterior e situar a Galicia como foco de programación nacional e internacional. Ademais de acoller eventos de recoñecido prestixio cultural, darase especial relevancia á creación de novos contidos, co Camiño de Santiago como eixe temático principal, e preferentemente cun **criterio de perdurabilidade** que permita asentar a nova obra en Galicia e na propia cidade de Santiago de Compostela.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

A concentración en espazo e tempo dunha celebración como o Xacobeo dificulta a súa transcendencia e continuidade. Trátase dunha **conmemoración de gran magnitude** que, ademais do seu **carácter recorrente** xa ten un **calendario coñecido** a longo prazo. É preciso aproveitar esta circunstancia para, dentro da excepcionalidade propia do Ano Santo, organizar e canalizar o concepto de celebración como algo perdurable, a través de accións que deixen un pouso e que nun futuro se vencellen a esta edición. É tamén unha fiestra que se abre para o talento cultural galego que, coa escusa do Xacobeo, ten a oportunidade de crear e proxectarse no exterior.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Creativo, innovador e contemporáneo



Singular



Perdurable



Integrador



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Único  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo festividade

### DESCRICIÓN

Conxunto de actividades que, sustentadas pola connotación festiva do Xacobeo, impliquen aos principais axentes do tecido cultural co obxectivo de cubrir todas as sensibilidades e presentar unha **programación de calidade**, desestacionalizada e descentralizada, que chegue aos principais núcleos urbanos e rurais de Galicia, e que preveña un horizonte que vaia máis aló do ano 2021. É preciso incentivar a participación da comunidade, recollendo eventos de dimensión popular que sexan obxecto de celebración, así como reforzando a programación das citas máis representativas, de traxectoria contrastada, que se veñen organizando por toda Galicia e que teñen capacidade de atraer públicos locais e de fóra. O Xacobeo supón unha oportunidade para complementar contidos e incentivar a calidade.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

A celebración do Xacobeo está estreitamente unida ao significado do Camiño de Santiago como itinerario relixioso, espiritual e cultural. En 2021, Galicia ten a ocasión de trasladar os valores do Camiño á acción cultural, **invitando a toda a comunidade a participar** e a emocionarse cunha programación deseñada para todos os públicos. Pero esta programación ten que estar planificada de maneira que, nun contexto de profundidade espiritual como o Xacobeo, non se converta nunha sucesión de accións desconectadas dos valores asociados á peregrinación. Durante a fase participativa da diagnose, a metade de especialistas consultados apuntou a necesidade de descentralizar e desestacionalizar a programación cultural. Ademais, en clave futura, o 75,93% aposta por manter unha programación estable e vencellada ao Camiño.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Experiential



Sustentable



Integrador



Creativo, innovador e contemporáneo



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



## CAMIÑAR

EIXE

## Xacobeo Único

PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo institucional

### DESCRICIÓN

Establecemento de **nexos de unión** con outras CC.AA., co Goberno estatal e con outros países, especialmente os territorios que sexan punto de paso do Camiño de Santiago, para a posta en valor deste último como primeiro Itinerario Cultural Europeo. Preténdese involucrar a todos os territorios e o seus gobernos na construción e defensa dun espazo común sen fronteiras, e proxectar a imaxe dun **Camiño de Santiago integrador, cosmopolita e universal**. O crecemento do Camiño Portugués e os vínculos co país veciño farán que se lle outorgue un **papel protagonista a Portugal** nun ano 2021 no que ostentará a Presidencia rotatoria da Unión Europea no primeiro semestre. Santiago de Compostela terá un especial protagonismo como foco mediático, pero tamén se aplicará un criterio descentralizador á hora de organizar actos institucionais, para dar visibilidade a outras poboacións senlleiras de Galicia.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

O Camiño de Santiago transmite unha imaxe de fenómeno integrador de nacións, culturas, relixións, valores e ideas. A nivel internacional, o Xacobeo é unha oportunidade de visibilizar a Galicia. Ao igual que o Camiño, **a celebración do Ano Santo non é un acontecemento exclusivo da nosa Comunidade**, polo que hai que entender o seu carácter supraautonómico e coordinar accións con administracións doutros territorios, que tamén van facer un grande esforzo en 2021 para que os camiñantes gocen da esencia da peregrinación. No ámbito nacional, o Consejo Xacobeo ten que exercer de nexo de unión entre as diferentes administracións para garantir a necesaria cooperación.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Sustentable



Espiritual e relixioso



Singular



Integrador



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Único  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Apóstolo Santiago

### DESCRICIÓN

Posta en valor dos diferentes **ritos vencellados ao Apóstolo Santiago** na celebración do seu Ano Santo, con especial énfase nos rituais relixiosos dos peregrinos e as peregrinas á súa chegada á catedral compostelá. Estes hábitos remóntanse séculos atrás, forman parte da memoria colectiva, e contan cun gran valor simbólico e histórico que cómpre visibilizar e potenciar no contexto actual do século XXI. Débese poñer en valor o concepto da indulxencia plenaria propia da excepcionalidade do Ano Santo.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Entre os peregrinos e peregrinas que afirman coñecer o Xacobeo, o 44,53% asócio a aspectos relixiosos, segundo o que se extrae da enquisa realizada como parte do proceso participativo. Esta porcentaxe supón a máis elevada entre as diferentes respostas recompiladas. Por outra parte, é necesario seguir traballando na mellora da experiencia da acollida en aspectos como a visita a catedral ou a Misa do Peregrino, que unha vez finalicen as obras de restauración lograrán dar un pulo a súa valoración. Polo tanto, o esforzo para que cada camiñante que chega a Santiago goce dunha experiencia relixiosa e espiritual plena debe ser unha prioridade, **cunha especial atención no Ano Santo**, para evitar que o Camiño perda a súa esencia.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Hospitalario



Espiritual e relixioso



Singular



Multicultural





**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Único  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Nocturno

## DESCRICIÓN

Conxunto de iniciativas programadas arredor da noite co obxectivo de propoñer unha oferta experiencial dirixida tanto a peregrinos e peregrinas como á poboación local, coa tradición xacobeá e os relatos da peregrinación como eixes centrais. Preténdese aproveitar a singularidade das **actividades nocturnas** para xerar notoriedade e darlles motivos aos camiñantes para aumentar a súa estadía. Incentivarase a participación experiencial de quen peregrina, ofrecéndolle a oportunidade de asistir a eventos innovadores vencellados á celebración do Xacobeo, que terán lugar na contorna de espazos senlleiros do patrimonio do Camiño, e dos cales poderá ser parte activa. Ademais, a compoñente lúdica que ten a noite para a poboación local facilitará o establecemento de nexos de unión e o intercambio cultural.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

Existe unha crecente preocupación pola ausencia de espazos e actividades onde os peregrinos e as peregrinas teñan a **posibilidade de participar e intercambiar experiencias**. Á percepción subxectiva ante o remate do Camiño, únese o feito de que as e os camiñantes chegan ao que debería ser o lugar máis emblemático do percorrido, Santiago de Compostela, co interese por prolongar a súa estadía. Esta situación de desafección provocada pola inaccesibilidade a edificios e espazos do patrimonio de Santiago xustifica a necesidade de poñer en marcha programas divulgativos que narren as diferentes historias que unen a Catedral de Santiago con outros espazos ligados á tradición xacobeá como o Pico Sacro, Iria Flavia, Castriño de Conxo, Castro Lupario etc.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Espiritual e relixioso



Experiencial



Integrador



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Reflexión  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Diálogo

## DESCRICIÓN

Énfase na función do **Camiño de Santiago como espazo de diálogo**, encontro de culturas e de coñecemento. Na peregrinación, o feito de camiñar crea unha relación harmoniosa coa contorna, con outros camiñantes e coa propia persoa, o cal invita á reflexión. Preténdese incentivar o deseño de accións asociadas ao pensamento co fin de avaliar as ideas e as motivacións da peregrinación contemporánea, de tal maneira que se reafirmen os valores sociais do Camiño de Santiago e se xere un **debate** arredor dos retos futuros da sociedade actual. Neste espazo teñen cabida conferencias, seminarios, encontros, congresos ou outras accións que faciliten a concienciación da sociedade sobre a importancia do pensamento e as ideas no marco do Xacobeo 2021.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

O Xacobeo supón unha **oportunidade de intercambio e diálogo** desde os puntos de vista social e relixioso. Esta afirmación referéndaa o 45,37% dos especialistas consultados durante o proceso de diagnose, que sitúan ao diálogo intercultural como un dos obxectivos estratéxicos que hai que marcar para o 2021. Na mesma mostra, o 30,56% asocia o Xacobeo cun momento para pensar e reflexionar, mentres que o 9,26% indica que é tempo de falar e dialogar. O Xacobeo é unha fiestra que se abre para reafirmar os valores sociais do Camiño de Santiago e analizar os retos que se presentan na vindeira década, nos que a sustentabilidade e a loita contra a desafección cultural son dous exemplos.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Multicultural



Espiritual e relixioso



Integrador



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Reflexión  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Coñecemento

### DESCRICIÓN

Aproximación ao Camiño de Santiago **afondando no coñecemento sobre a súa historia e o seu patrimonio**. As actividades incluídas neste espazo (conferencias, foros, pedagóxicas, encontros culturais etc.) amosarán unha perspectiva do Camiño máis integradora, que abranga todas as súas singularidades culturais e científicas. Analizaranse aspectos descoñecidos polos camiñantes e as comunidades locais e identificaranse os valores materiais e inmateriais que lle outorgan unha dimensión e un valor excepcional.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

O Camiño de Santiago conta con moitos elementos ata agora agochados, pero cun incalculable valor patrimonial, tanto desde un punto de vista natural como cultural. É necesario proxectar visións do Camiño de Santiago desde moitos ángulos diferentes e para conseguilo é preciso que flúa e conflúa o **coñecemento procedente de moitas fontes** distintas, fuxindo de estereotipos e prexuízos, co obxectivo de concienciar á comunidade sobre a importancia do coidado deste. É de especial relevancia o rol que ten que desempeñar a universidade como ente divulgativo e de intercambio con outros centros de coñecemento de todo o mundo.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Perdurable



Creativo, innovador e contemporáneo



Experiencial



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Reflexión  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Memoria

## DESCRICIÓN

Definición dunha estratexia enfocada á recuperación, catalogación e posta en valor da **memoria vencellada ao Camiño de Santiago e a Xacobeos anteriores**, e implementación de mecanismos para que todo o coñecemento xerado arredor do Xacobeo 2021 pase a formar parte dese grande arquivo. Ademais de recuperar documentos e relatos do Camiño de Santiago de diferentes momentos da historia, traballárase na dixitalización do arquivo relacionado cos Xacobeos celebrados desde 1993, co obxectivo de visibilizar esta información utilizando narrativas audiovisuais contemporáneas.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

Durante o proceso de diagnose participativa foron varias as voces que indicaron que existe un **baleiro** no relativo ao rexistro de actividades de Xacobeos anteriores, o que supón un desaproveitamento de gran cantidade de coñecemento xerado para crear un arquivo histórico. Isto convértese nun freo á hora de xerar (e remesturar) novos contidos de narrativa dixital. A creación dun grande arquivo vencellado ao Xacobeo é unha oportunidade que se debe aproveitar, posto que axudará na súa divulgación internacional e do seu patrimonio cultural.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Sustentable



Perdurable



Espiritual e relixioso



Multicultural



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Reflexión  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Edición

## DESCRICIÓN

Difusión da **producción literaria relacionada co Camiño de Santiago e co Xacobeo**. Presentaranse e daráselles visibilidade a creacións en diferentes idiomas, con atención especial ao galego e ás linguas dos países polos que transcorre a peregrinación. É preciso acompañar esta difusión con actividades complementarias, como conferencias, encontros, representacións teatrais etc. En Santiago de Compostela e na súa área de influencia, escenario de boa parte dos relatos históricos sobre as lendas do sepulcro, levaranse a cabo programas de divulgación.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

Existe unha interesante bibliografía literaria inspirada nos relatos do Camiño de Santiago. Ademais, os Xacobeos anteriores deixaron un legado en forma de publicacións que debe ser divulgado. Respecto á creación literaria vencellada ao Camiño, conta con bastante repercusión internacional, pero hai moito **descoñecemento en Galicia**, polo que é preciso facer un esforzo en poñer en valor ante galegas e galegos o papel que desempeñou historicamente o Camiño de Santiago na literatura internacional, coa presentación e a promoción desta obra literaria que cada ano se edita nos diferentes países e idiomas.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Creativo, innovador e contemporáneo



Multicultural



Perdurable



XUNTA  
DE GALICIA

galicia





**CAMIÑAR**  
EIXE

Xacobeo Reflexión  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Espiritual e Relixioso

### DESCRICIÓN

**Posta en valor da espiritualidade e a relixiosidade da peregrinación**, incentivando a presenza na programación do Xacobeo de proxectos que se impliquen cos valores do Camiño e promovendo a participación da poboación galega. Preténdese xerar un espazo de reflexión no cal se analicen a realidade espiritual e a carga simbólica do Camiño e do Xacobeo. A estratexia debe incidir na afectividade da comunidade local para facer óptima a experiencia dos camiñantes, sobre todo nos núcleos onde a súa presenza pasa máis desapercibida. Débese poñer o foco especialmente en Santiago de Compostela, por ser a meta do traxecto e o lugar no cal ten postas unhas elevadas expectativas a persoa que peregrina.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Catro de cada dez persoas consultadas no proceso de enquisas a peregrinas e peregrinos indicaron que facían o Camiño cunha motivación espiritual, concretamente o 40,20%. Pero segundo se extrae do proceso de diagnose, unha das **principais ameazas que afronta o Camiño de Santiago** é precisamente a **perda dos seus valores espirituais** por outro tipo de significados máis superficiais. É imprescindible analizar esta realidade coa participación de todas as partes implicadas (peregrinas/os, Igrexa, asociacións internacionais do Camiño, outros territorios dos diferentes itinerarios etc.), coa finalidade de protexer a esencia do Camiño e que o Xacobeo non sexa un elemento acelerador deste proceso de perda de valores.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Hospitalario



Perdurable



Experiencial



Espiritual e relixioso



Multicultural



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



**CAMIÑANTE**  
EIXE

Xacobeo Vivencias  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Itinerarios Xacobeos

## DESCRICIÓN

Selección de **elementos propios da oferta espiritual, relixiosa, patrimonial e cultural** de Santiago de Compostela para a súa visibilización diante das persoas que chegan a Santiago completando a súa peregrinación, ampliando o radio de acción máis aló da catedral e da súa contorna. Os peregrinos e as peregrinas **precisan espazos comúns onde compartir vivencias** con outras persoas que veñen de rematar a mesma viaxe, e tamén necesitan conectar coa poboación de Santiago para mergullarse na cultura local. É preciso fomentar os diferentes espazos sociais e zonas verdes da cidade, creando relatos arredor deles. Así mesmo, potenciaranse diferentes lugares tradicionais de todo o territorio galego co obxectivo de artellar itinerarios de interese para as persoas que visitan Galicia.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

O 18,36% dos peregrinos e peregrinas enquisados afirmaron ter intención de continuar polo menos unha noite máis en Santiago de Compostela, mentres que o 9,68% amosaron interese por visitar outros puntos de Galicia nos días posteriores á súa chegada. Son porcentaxes modestas, que indican que **é preciso trasladar aos visitantes a rica oferta histórica e cultural** tanto de Santiago coma de Galicia, creando espazos comúns para a cidadanía galega e os camiñantes. A morfoloxía radial do Camiño de Santiago facilita o contacto das peregrinas e dos peregrinos con comarcas moi diferentes de Galicia que contan con historias e relatos interesantes que poden servir de base para a creación de itinerarios.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Hospitalario



Sustentable



Perdurable



Experiencial



## CAMIÑANTE

EIXE

Xacobeo Vivencias  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Patrimonio

### DESCRICIÓN

Implementación de accións enfocadas a **poñer en valor o patrimonio material e inmaterial** espallado por toda Galicia, con especial atención ao Camiño de Santiago e á súa contorna máis próxima, alí por onde pasa. Preténdese aproveitar elementos patrimoniais físicos de diversa índole como escenarios senlleiros nos cales programar **accións culturais e didácticas** que permitan, por un lado concienciar aos galegos e ás galegas do enorme potencial e calidade dos nosos bens de interese cultural, e por outra parte establecer unha conexión con aquelas persoas que chegan a Galicia e que amosan interese en coñecer o seu patrimonio, historia e tradicións. Facilitará a promoción e divulgación non só de elementos arquitectónicos representativos, senón tamén doutras figuras menos coñecidas no exterior e que forman parte da singularidade galega, como é o caso do patrimonio etnográfico.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Catro de cada dez peregrinas e peregrinos consultados destacan o patrimonio como un dos atributos que os sorprenderon positivamente durante a súa peregrinación. É preciso amosar ás persoas que visitan Galicia o noso patrimonio, pero non só aquel tanxible fisicamente, senón tamén o legado inmaterial e de grande interese, porque isto será o que lle permita ao visitante afondar no coñecemento da nosa cultura e tradicións. É necesario apostar pola **recuperación do patrimonio** vencellado ao Camiño de Santiago, pero tamén doutras áreas xeográficas de Galicia, aplicando unha estratexia descentralizadora.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Experiencial



Perdurable



Integrador



**CAMIÑANTE**  
EIXE

Xacobeo Vivencias  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Narrativas

## DESCRICIÓN

Recuperación e transmisión de **historias relacionadas co Camiño de Santiago**, así como incorporación de novos relatos sobre esta vía de peregrinación ou sobre lendas propias de Galicia, como estratexia de visibilización da tradición oral. Os testemuños de peregrinos e peregrinas ao longo da Historia foron unha das principais vías de expresión cultural durante séculos, permitindo transmitir de xeración en xeración un legado inmaterial sen o cal sería imposible a vertebración dun itinerario cultural como o Camiño que se coñece a día de hoxe. Ademais da información rexistrada en códices e outros manuscritos, hai que dar a coñecer aquelas historias que forman parte do acervo popular.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

O 13,89% da mostra de peregrinos e peregrinas estudada seleccionou entre os obxectivos estratéxicos que se deben fixar para o Xacobeo 2021 a necesidade de recompilar e **dar voz ás historias e experiencias acumuladas** ao longo do Camiño. O Camiño foi durante séculos testemuña das vivencias das persoas que o percorrían, vivencias que artellan relatos que aínda perduran. O Xacobeo é por tanto un momento de celebración, singular e único, que debe servir como escaparate para estes relatos dándolles cabida na súa programación, e utilizándoos para dar forma á propia narrativa e á mensaxe que quere transmitir o Xacobeo 2021.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Experiencial



Creativo, innovador e contemporáneo



Multicultural



Perdurable



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



**CAMIÑANTE**  
EIXE

Xacobeo Vivencias  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Tradicións

## DESCRICIÓN

**Visibilización da tradición** vencellada ás manifestacións culturais galegas como elemento que facilita o presente e futuro. O Xacobeo 2021 supón unha oportunidade para establecer nexos entre as comunidades locais e os visitantes e para conseguilo é preciso deseñar accións que favorezan este vínculo dándolles a coñecer a nosa etnografía e legado inmaterial ás persoas que chegan a Galicia. Utilizarase a música como elemento vehicular para implicar á poboación local e para visibilizar, cun discurso contemporáneo, a Galicia máis tradicional.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

Poucos elementos configuran mellor o espazo público en Galicia que a festa popular. E nesta, a música estivo sempre nun lugar predominante, con bandas de música de todos os recunchos galegos desempeñando un papel protagonista na conservación da tradición, pero tamén cada vez máis con artistas que interpretan música doutro tempo cun discurso contemporáneo. A **perda de identidade cultural** aparece entre os principais riscos elixidos polas persoas especialistas que formaron parte do proceso participativo de diagnose, concretamente no terceiro lugar. Para poñer en valor este patrimonio inmaterial é necesario implicar á poboación local, que foi precisamente unha prioridade apuntada polo 62,04% deses expertos e expertas.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Espiritual e relixioso




Experiencial



Integrador





**CAMIÑANTE**  
EIXE

Xacobeo Vivencias  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / **Espazo Verde**

## DESCRICIÓN

Establecemento de políticas de sustentabilidade enfocadas ao **coidado medioambiental do Camiño de Santiago**, mediante a implementación de medidas que permitan mellorar e embelecer a súa contorna. Débese concienciar a peregrinos, peregrinas e sociedade local sobre a importancia deste fin. A **paisaxe** ten unha importancia capital para facer sobresaínte a experiencia global dos camiñantes, polo que é preciso afrontar os principais retos ambientais da vindeira década nun contexto de crecementos interanuais do número de persoas que circulan polo Camiño, coa conseguinte presión sobre o espazo natural. Traballárase na liña de destacar aos peregrinos e ás peregrinas como visitantes respectuosos co medio.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

Sustentabilidade e paisaxe son dous termos recorrentes durante todo o proceso participativo de diagnose. En canto ás directrices que se deben seguir, as persoas que formaron parte desta fase sinalaron a **sustentabilidade como a máxima prioridade** entre os principios de xestión, alertando tamén dos riscos que implicaría unha saturación ou perda de valor ambiental da contorna do Camiño. No relativo ao proceso de escoita realizado coas peregrinas e cos peregrinos, **a paisaxe foi o atributo que sorprendeu máis positivamente** ao 65,51% das persoas consultadas, o cal a convirte no elemento preferido da mostra. Por contra, á hora de destacar aspectos negativos, o 47,15% puxeron o foco no elevado número de persoas en determinados puntos do Camiño, o cal ten un maior impacto no territorio.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Sustentable



Perdurable



Integrador



**CAMIÑANTE**  
EIXE

**Xacobeo Innovación**  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / **Espazo Turismo**

## DESCRICIÓN

**Aliñamento coa Estratexia do Turismo de Galicia 2020** na definición de actuacións que aproveiten os atributos clave de Galicia para a creación dunha oferta multiexperiencial relacionada coa paisaxe, a gastronomía, a cultura e o patrimonio inmaterial, e que teña o Camiño de Santiago como eixe tractor. Preséntase como unha necesidade a aposta pola **calidade no servizo**, de cara a fidelizar a todas as persoas que chegan a Galicia, tanto aquelas que nos visitan cunha motivación exclusivamente turística como as que rematan a súa peregrinación. A sustentabilidade debe impregnar todas as iniciativas, especialmente en Santiago de Compostela e nas súas inmediacións, co obxectivo de atraer a visitantes respectuosos que convivan en harmonía coa poboación local.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

A promoción de Galicia como destino turístico e cultural debe ser un obxectivo estratéxico do Xacobeo 2021, en opinión do 65,74% dos profesionais que cumprimentaron a enquisa durante o proceso de diagnose. Trátase, de feito, do obxectivo máis prioritario para a mostra. Durante a fase participativa fíxose fincapé na **necesidade de optar por un turismo de calidade**, respectuoso coa contorna e que non desnaturalice nin perturbe a vida cotiá da poboación local. O Xacobeo debe servir como imán para persoas cun perfil proactivo, cun nivel adquisitivo elevado, con inquiredanzas culturais e que se sintan atraídas pola singularidade e idiosincrasia de Galicia. No caso de **Santiago de Compostela**, a promoción como cidade de referencia no eido cultural e a creación de experiencias deben contribuír a aumentar os días de estadía dos visitantes.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Hospitalario




Experiencial



Sustentable



Integrador



**CAMIÑANTE**  
EIXE

**Xacobeo Innovación**  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / **Espazo Enogastronomía**

## DESCRICIÓN

Visibilización da enogastronomía galega como pilar da identidade cultural de Galicia, en liña con *Galicia Sabe*, Estratexia de Turismo Enogastronómico de Galicia, e vencellándoa co resto de atributos que a diferencian e xa definidos na Estratexia de Turismo de Galicia 2020: o patrimonio, a historia e a cultura galega; a paisaxe e recursos naturais; e, especialmente, co Camiño de Santiago como facilitador de repercusión internacional. A calidade da materia prima e o talento existente entre os cociñeiros e as cociñeiras de Galicia aportan un valor engadido á hora de artellar experiencias. Débese aproveitar o potencial da enogastronomía como ferramenta **descentralizadora e desestacionalizadora**.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

A gastronomía ocupa o segundo lugar no ranking de atributos que sorprenderon máis positivamente aos peregrinos e peregrinas ao seu paso polo Camiño, concretamente o 51,12% da mostra, mentres que apenas o 1,74% indicou que a sensación fose negativa. Esta circunstancia é unha mostra do **potencial do produto gastronómico galego**, o cal se debe aproveitar para ofrecer ás persoas que fan o Camiño experiencias autóctonas, que lles permitan conectar coa contorna. É preciso que a hostalería estea concienciada da importancia de ofrecer produto de calidade e de non renunciar á gastronomía tradicional do Camiño.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Hospitalario



Experiencial



Sustentable



**CAMIÑANTE**  
EIXE

**Xacobeo Innovación**  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / **Espazo Deporte**

## DESCRICIÓN

Creación de vínculos con entidades e profesionais do mundo do **deporte para visibilizar o Xacobeo** e aumentar a súa capacidade de proxección nacional e internacional. Para conseguilo é preciso favorecer a organización de campionatos de deporte base, impulsar eventos deportivos de renome, así como apoiar a galegas e galegos que son referencia de alto nivel nas súas disciplinas deportivas, coa finalidade de poñer en valor a Galicia e de promocionar o Xacobeo 2021.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

Entre os peregrinos e peregrinas enquisados ao chegar a Santiago de Compostela, o 12,41% manifestaron que fixeron o Camiño por cuestións de saúde ou cunha motivación deportiva. Esta porcentaxe elévase ata o 19,81% cando se cingue a análise ás persoas cuxa idade oscila entre os 31 e os 45 anos. Se se pon o foco na orixe, o 22,68% dos camiñantes procedentes do resto de comunidades autónomas apuntan a esta motivación para facer o Camiño, sendo a porcentaxe aínda maior no caso dos peregrinos e peregrinas galegos. Esta é unha mostra das **conexións existentes entre o Camiño e o deporte**. As persoas que fan deporte e as que peregrinan comparten sentimentos e valores, como por exemplo esforzo, compromiso, compañeirismo ou afán de superación.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Singular



Sustentable



Integrador



**CAMIÑANTE**  
EIXE

**Xacobeo Innovación**  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / **Espazo Tecnoloxía**

## DESCRICIÓN

Aproveitamento das **posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías** para implementar diferentes solucións no Camiño de Santiago e no marco da celebración do Xacobeo, de tal maneira que supoñan melloras en cuestións como: accesibilidade no Camiño e na programación cultural, seguridade, monitorización do trazado da ruta de peregrinación, coñecemento dos peregrinos e peregrinas, ou nas ferramentas de visibilización e proxección do fenómeno Xacobeo. A tecnoloxía, lonxe de chocar coa esencia máis profunda do Camiño, permite acceder a ferramentas útiles en termos de sustentabilidade e integración.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

As persoas que aportaron o seu coñecemento durante a fase participativa incidiron, nunha porcentaxe do 38,89%, na **necesidade de apostar pola innovación** no relativo á creación de contidos que poñan en valor e difundan o Camiño de Santiago. Pola súa parte, as novas tecnoloxías tamén achegan o fenómeno Xacobeo á xente que peregrina: o 18,22% dos peregrinos e peregrinas consultados afirmaron coñecer o Xacobeo por medio de ferramentas dixitais, porcentaxe que se eleva ata o 43,33% na franxa de idade comprendida entre os 18 e os 30 anos. Os grupos de interese vencellados ao Camiño deben ser coñecedores das oportunidades que as TIC ofrecen para mellorar esta ruta de peregrinación.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Sustentable



Experiencial



Creativo, innovador e contemporáneo



Integrador





## CAMIÑANTE

EIXE

Xacobeo Innovación  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

### Espazo Movemento

#### DESCRICIÓN

Dinamización do Camiño de Santiago con **accións baseadas na esencia de camiñar**, explorándoo e apropiándose do espazo aplicando estratexias de participación. Trátase dunha práctica en movemento deseñada de maneira colaborativa, consistente en conferencias, recreacións históricas ou traballos de investigación que se desenvolven mentres se camiña. A metodoloxía comeza coa celebración de obradoiros preparativos onde se planifican os contidos e itinerarios coa propia comunidade participante. Unha vez pechada a programación e consumada a actividade, compártese a experiencia a través de ferramentas dixitais con todas aquelas persoas que non puideron sumarse á iniciativa.

#### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Historicamente, as camiñadas foron fonte de inspiración de poetas, artistas, filósofos, científicos ou investigadores. Durante o proceso participativo, tanto en mesas de traballo como en entrevistas, o **concepto da itinerancia** foi tratado cunha compoñente descentralizadora, baseada na programación de accións culturais sinxelas que percorreren todo o territorio, facilitando a peregrinas e peregrinos o acceso a contido cultural ao mesmo tempo que fan o Camiño. No relativo á descentralización, o 50% dos expertos e expertas consultados situárono como un dos aspectos a mellorar na xestión do Xacobeo.

#### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Creativo, innovador e contemporáneo



Sustentable



Experiencial



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Cidadanía  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Intercambio

### DESCRICIÓN

Aproveitamento do Camiño de Santiago como vehículo para establecer un fluxo bidireccional que permita, por unha banda exportar o talento e a riqueza cultural de Galicia e por outra parte atraer persoas e coñecemento doutros países, principalmente europeos. Crearanse espazos de intervención e interacción, preferentemente no Camiño e na súa contorna, onde a comunidade local e persoas do eido cultural galego interactúen con artistas do estranxeiro. Potenciaranse especialmente proxectos de creación e formación dirixidos ao novo talento galego, fomentando a súa mobilidade internacional co obxectivo de crear **redes de colaboración** de carácter europeo.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

O Camiño de Santiago, como primeiro Itinerario Cultural Europeo, é unha ferramenta que permite a Galicia aportar na construción dunha cultura europea e universal, e o Xacobeo supón unha **oportunidade inmellorable de diálogo intercultural** con outros territorios. É preciso dar continuidade ás políticas de promoción das industrias culturais e creativas no exterior, apoiándose en proxectos xa consolidados e impulsando novas iniciativas.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Sustentable



Experiencial



Creativo, innovador e contemporáneo



Multicultural



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Cidadanía  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

Espazo Europa

## DESCRICIÓN

**Fortalecemento dos vencellos con Europa** mediante estratexias de proxección internacional de Galicia que se apoien na forza do Camiño como primeiro Itinerario Cultural Europeo. A ligazón con Europa debe ser o elemento central da proxección exterior e hai que aproveitar todas as ferramentas posibles para destacar a importancia do Camiño de Santiago na vertebración histórica do Vello Continente, así como a gran riqueza cultural que chegou tradicionalmente por esta ruta ao territorio galego. A implicación do tecido cultural e social permitirá artellar vías de colaboración internacional de cara á vindeira década.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

O 46,89% dos peregrinos e peregrinas que formaron parte do proceso de enquisas proceden doutras partes de Europa, concretamente de 17 países diferentes. Esta é unha clara mostra do que supón a peregrinación en canto a intercambio co Vello Continente, e o Xacobeo 2021 pode servir como plataforma de sensibilización e valorización da **identidade cultural europea**, vertebrada por un Camiño que é de ida e de volta. O desenvolvemento pleno das oportunidades que presenta require dunha visión europea, e a propia Unión Europea necesita de símbolos como o propio Camiño que reforcen a súa identidade.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Perdurable



Sustentable



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Cidadanía  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN / Espazo Proxección

## DESCRICIÓN

Desenvolvemento de estratexias que aproveiten o potencial mediático do Xacobeo e a consolidación do Camiño de Santiago como marca para afondar nos **procesos de internacionalización** de Galicia. Apostarase por accións de difusión, non só en clave europea e en países tradicionalmente vencellados á peregrinación a Santiago, senón que se ampliarán as miras máis aló, na procura de conectar con persoas de diferentes culturas dos cinco continentes. A multiculturalidade do Camiño, a repercusión da programación do Xacobeo, as redes culturais ou o papel dos propios galegos e galegas como embaixadores no exterior son algunhas das ferramentas a utilizar.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

O Xacobeo supón unha fiestra cara a internacionalización de Galicia. Trátase dunha oportunidade en termos de proxección internacional para a cidadanía e a cultura galega. O Camiño de Santiago ten repercusión mundial pero o **Xacobeo aínda non acadou elevados graos de coñecemento fóra das nosas fronteiras**. Incluso entre as propias persoas que peregrinan, o 53,17% dos estranxeiros e estranxeiras consultados afirmaron descoñecer o seu significado.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Sustentable



Perdurable



Singular




Multicultural



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Cidadanía  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Amizade

### DESCRICIÓN

Recoñecemento, visibilización e **posta en valor das asociacións de amigos do Camiño** e doutras entidades que conforman un tecido asociativo que desde hai décadas desempeñou un labor de coidado, estudo e sinalización dos itinerarios xacobeos, así como de creación e administración de albergues. É preciso resaltar especialmente o seu papel como embaixadoras do Camiño noutras comunidades autónomas e, sobre todo, no estranxeiro. As asociacións de amigos do Camiño desempeñan unha función desestacionalizadora, traballando ao longo de todo ano en favor do Camiño, e descentralizadora, conservando as diferentes rutas de peregrinación.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Á hora de dar unha resposta acerca de como coñeceron o Xacobeo, a maioría de peregrinos e peregrinas consultados indicaron que foi mediante asociacións e entidades relixiosas e culturais, cun 23,89%. Pola súa parte, no outro proceso de enquisas, levado a cabo con especialistas de diversos eidos, situouse como máxima prioridade o apoio en estruturas existentes como as asociacións para potenciar e crear comunidade. **É preciso recoñecer a importancia do tecido asociativo do Camiño** e contar con el para mellorar a acollida, definir as necesidades dos peregrinos e peregrinas ou coidar a contorna do Camiño e os albergues.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Hospitalario



Sustentable



Perdurable



Experiencial




Espiritual e relixioso



XUNTA  
DE GALICIA

galicia





**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Cidadanía  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Gobernanza

### DESCRICIÓN

Creación dun espazo de cooperación mediante a **coordinación interadministrativa** de programas e accións relativos ao coidado e mantemento do Camiño e da súa contorna, melloras na seguridade e accesibilidade, investimentos en infraestruturas, así como en calquera cuestión que permita optimizar a experiencia de peregrinos e peregrinas. A promoción e difusión do Camiño de Santiago e do fenómeno xacobeo tamén ten que ser obxecto de consenso e coordinación, para levar a cabo un Xacobeo 2021 transversal.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Durante as mesas de traballo e entrevistas realizadas como parte do proceso participativo do presente Plan indicouse que **é necesario coordinar os distintos niveis da administración pública** galega, así como incrementar a relación e cooperación entre as distintas comunidades autónomas que son punto de paso do Camiño. No relativo a Galicia, para acadar un escenario efectivo de descentralización é preciso que se poñan de acordo todas as partes implicadas.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Sustentable



Hospitalario



Perdurable



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Comunidade  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

*Espazo O teu Xacobeo*

## DESCRICIÓN

Mantemento, impulso e visibilización de *O teu Xacobeo* como **ferramenta de apoio a proxectos orixinais de dinamización** que contemplen a participación de todos os axentes da sociedade e a posta en marcha de proxectos con repercusión e percorrido máis aló de 2021, con afán descentralizador e que favorezan a desestacionalización da programación. O obxectivo principal seguirá centrado en acadar unha programación sociocultural que anticipe a celebración do Xacobeo 2021, para a promoción e potenciación de Galicia, así como o reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade autónoma.

## VÍNCULO COA DIAGNOSE

*O teu Xacobeo* permítelle aos órganos responsables da xestión do Xacobeo programar da man do sector cultural. A alta diversidade de actores implicados require da unión do sector cultural na procura de liñas de traballo comúns antes, durante e despois do Xacobeo, así como da súa implicación coa adopción dun rol activo e co impulso dun diálogo interdisciplinar. Neste senso, participantes das mesas de traballo destacaron que iniciativas como *O teu Xacobeo* facilitan a **creación dun contexto de transversalidade**. Ademais, o 22,22% das persoas especialistas consultadas sinalaron que é preciso manter no tempo estas convocatorias con miras a 2027.

## VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Creativo, innovador e contemporáneo



Sustentable



Perdurable



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Comunidade  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Dinamización

### DESCRICIÓN

Desenvolvemento de programas de dinamización cultural que faciliten a **descentralización e desestacionalización da oferta programática** do Xacobeo 2021. Esta liña de acción debe sustentarse nos propios axentes do eido local, como deseñadores e executores de accións ao longo de todo o territorio. En todo caso, para aquelas iniciativas de maior calado ou complexidade, débese asumir a responsabilidade do seu impulso co obxectivo de facer chegar novos contidos culturais a todos os galegos e galegas. Preténdese implicar á sociedade, converténdoa en suxeito activo da programación, construíndo un modelo inclusivo onde todo o territorio se sinta partícipe.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

En 2021 debe optarse por un Xacobeo descentralizador desde un punto de vista territorial, pero non só desde a vertente organizativa, senón convertendo en **suxeitos activos a todos os membros da cidadanía galega**, de tal maneira que sintan o Xacobeo como algo propio. A metade das persoas que responderon a enquisa realizada durante o proceso de escoita a persoas expertas puxeron o foco na necesidade de descentralizar e desestacionalizar a programación cultural do Xacobeo.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Hospitalario



Sustentable



Experiencial



Integrador



XUNTA  
DE GALICIA

galicia



**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Comunidade  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Mocidade

### DESCRICIÓN

Posta en marcha dunha serie de medidas dirixidas **á infancia e á mocidade** de Galicia, outorgándolle un papel protagonista ao sistema educativo galego como canalizador da cultura do Camiño. É de vital importancia xerar experiencias que acheguen o Camiño de Santiago ao público infantil e mozo, aproveitando así mesmo o Xacobeo para destacar esta liña de acción e para achegar a programación cultural aos máis pequenos. A pervivencia dos valores xacobeos na próxima década debe sustentarse no compromiso das xeracións futuras co Camiño de Santiago.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

Existe un claro **descoñecemento entre a xente máis nova do concepto Xacobeo** e do que implica, o cal se ve acentuado polo feito de que se trata do primeiro Xacobeo da era moderna a celebrar tras un período de 11 anos (no caso dos peregrinos, o 55,07% dos menores de 30 anos enquisados non coñece o Xacobeo). Para crear comunidade no longo prazo é vital dar cabida aos nenos e nenas de Galicia e non se debe esquecer que neste segmento da poboación atópase a sociedade galega das vindeiras décadas.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Experiential



Sustentable



Integrador



**CAMIÑO**

EIXE

Xacobeo Comunidade

PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Hospitalario

### DESCRICIÓN

Establecemento de programas de **formación e divulgación sobre o voluntariado**, na procura de concienciar á sociedade, especialmente en ámbitos como a mocidade ou as persoas maiores de 55 anos, sobre o retorno cultural e social que proporcionan as persoas que peregrinan. É preciso fomentar a hospitalidade xacobeana no Camiño, potenciando a figura dos hospitaleiros ou a organización de eventos comunitarios. Hai que implementar novas estratexias de voluntariado, potenciando a educación non formal, asociadas ao desenvolvemento sustentable e a un maior coñecemento de peregrinos e peregrinas.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

**A hospitalidade é moi valorada** entre os peregrinos e peregrinas que cada día percorren o Camiño de Santiago. Aspectos tan importantes como o recibimento no idioma propio ou compartir sentimentos con outras persoas son pequenos xestos que axudan a completar unha experiencia positiva, ou negativa, da travesía. Débese facer fincapé en Santiago de Compostela, como punto de destino do Camiño. Segundo as enquisas realizadas a peregrinos e peregrinas, na capital galega, aínda contando cunha valoración de 8,71 puntos, esta é inferior aos 9,58 puntos que os camiñantes outorgan á súa experiencia global no Camiño.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Hospitalario



Espiritual e relixioso



Experiencial



Integrador





**CAMIÑO**  
EIXE

Xacobeo Comunidade  
PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Economía

### DESCRICIÓN

Desenvolvemento de actuacións que axuden a contar cun **tecido económico máis innovador, dinámico, aberto e con mellor acceso ao financiamento**. O Xacobeo supón un contexto favorable para a captación de investimentos para Galicia. Por outra banda, o fenómeno do Camiño é un exemplo perfecto de dinamización económica en zonas rurais, de como crear novas oportunidades para a xeración de rendas e emprego, e de impulso demográfico. Adicionalmente é necesaria unha intensificación dos servizos ao longo do Camiño para poder atender aos peregrinos, especialmente os vinculados con actividades comerciais, que requirirán novas empresas ou novos servizos.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

A celebración do Ano Santo sempre foi un acicate para o pulo da actividade económica de Galicia. O Xacobeo configúrase como un **escaparate para Galicia** e, por suposto, do seu sistema económico: un punto de entrada a Europa, con boas infraestruturas e conexións e un lugar onde prima a calidade de vida, con equipos humanos formados e innovadores. O Camiño tamén é un vehículo excepcional para a posta en valor de Galicia no exterior e para fixar poboación no rural, mediante a xeración de novas actividades de soporte aos peregrinos.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Creativo, innovador e contemporáneo



Sustentable



Perdurable



## CAMIÑO

EIXE

## Xacobeo Comunidade

PROGRAMA

LIÑA DE ACCIÓN /

## Espazo Peregrinas

### DESCRICIÓN

Posta en valor e divulgación do **papel da muller** e visibilización da súa relación co Camiño de Santiago. Procurarase a introdución efectiva de medidas a favor da igualdade de xénero e do recoñecemento polo seu traballo histórico na contorna sociocultural galega, como depositaria e transmisora do patrimonio inmaterial de xeración en xeración. Velarase polo equilibrio na programación cultural e incentivarase a presenza de proxectos construídos con perspectiva de xénero.

### VÍNCULO COA DIAGNOSE

O 52,85% das persoas que formaron parte do proceso de enquisas feitas a peregrinos e peregrinas foron mulleres, o cal referenda os datos oficiais da Oficina de Acolida ao Peregrino, que amosan tamén un porcentaxe maior do sexo feminino. No relativo á motivación, no caso das mulleres esta foi espiritual nun 42,72%, máis de cinco puntos porcentuais por enriba dos homes. Esta predominancia do valor espiritual é unha mostra do **vencello das mulleres co Camiño** e coa súa esencia.

### VALORES ESTRATÉXICOS RELACIONADOS



Cohesivo



Hospitalario



Sustentable



Perdurable



Integrador



XUNTA  
DE GALICIA

galicia

## EIXE SOPORTE

Este eixe ten como obxectivo operativo que **o Camiño sexa máis sustentable e chegue en mellores condicións cara o horizonte 2027.**

|                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| Plan de mantemento dos Camiños                                                                |
| Plan de embelecemento do Camiño e o seu contorno                                              |
| Plan de reforma e ampliación da rede de albergues                                             |
| Plan de Sinalética do Camiño de Santiago                                                      |
| Plan de Seguridade Vial no Camiño                                                             |
| Plan de Mellora do Monte do Gozo                                                              |
| Edificio Domingo Fontán Cidade da Cultura                                                     |
| Plan de investimentos en BIC no Camiño <sup>1</sup>                                           |
| Conservación e restauración: Plan Director do Conxunto Catedralicio de Santiago de Compostela |

## EIXE ACOLLIDA

O espazo vencellado ao proceso de acollida na cidade de Santiago de Compostela estará liderado polo Concello, como Administración pública coas competencias específicas para **incidir na calidade deste na cidade**, en colaboración e co apoio da Xunta de Galicia, de maneira que o presente plan supón un **fío condutor que garante a coherencia estratéxica na implementación das diferentes actuacións previstas.**

|                                                                         |
|-------------------------------------------------------------------------|
| Mellora da mobilidade interna dentro da cidade.                         |
| Aproveitamento da nova estación intermodal.                             |
| Establecemento de convenios específicos co Servizo Galego de Saúde.     |
| Reforzo dos programas de limpeza viaria, así como de recollida de lixo. |
| Implicación da sociedade civil a través de procesos de voluntariado.    |
| Mellora da seguridade                                                   |

<sup>1</sup> Plan que xa foi presentado ao Goberno Central, cun investimento de 100 M€, en liña coas achegas do Estado a outros eventos similares celebrados en España nos últimos anos.

## PLAN DE REHABILITACIÓN DOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Os Camiños de Santiago son unha manifestación singular do patrimonio de Galicia. Por si mesmos constitúen o elemento máis grande e senlleiro dos nosos bens culturais e caracterizan, soportan e contribúen a crear e identificar boa parte do noso legado cultural. Os bens de interese cultural integrados neses Camiños permiten a construción do seu significado patrimonial como itinerarios culturais relevantes, favorecendo ao mesmo tempo a actividade turística. Neste sentido, o presente Plan estratéxico dá cabida á incorporación das achegas da Administración Xeral do Estado, nun ambicioso Plan de Rehabilitación destes Bens de Interese Cultural, que permitiría a **intervención nunha cifra superior aos 30 conxuntos**.

## COORDINACIÓN CO CONSORCIO DE SANTIAGO

No futuro, deberase incorporar a esta planificación as accións previstas a través do **Consortio de Santiago**, o órgano executor do Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela, cuxa convocatoria está pendente á espera da constitución do novo Goberno de España. Este órgano permitirá consensuar liñas de accións entre as tres administracións que o conforman: o **Goberno de España, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.**







Por un Xacobeo máis seguro cómpre prever unha serie de accións a realizar nos vindeiros anos e para desenvolver a diferentes niveis, implicando os actores, as organizacións e as administracións que xa veñen operando neste marco de xestión:

- Plan de activación dos **medios de protección civil** en apoio aos peregrinos e peregrinas e coordinación en grandes peregrinacións/concentracións
- Plan de seguridade para peregrinos/as
- Plan de formación para **Policía Local** e Protección Civil sobre Camiño de Santiago e peregrinacións
- Manuais de **seguridade na produción** de eventos culturais
- Plan de **coordinación sanitaria** e un plan de reforzo da atención primaria.
- **Formación e asesoramento** para a elaboración de eventos

7.

## ORZAMENTO

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021




Nos anos 2017 e 2018 realizáronse investimentos que superaron os **33 millóns de euros**, evidenciando o compromiso da Xunta no impulso do Xacobeo.

O Plan conta cunha **dotación orzamentaria** superior aos **247 millóns de euros ata o 2022**.



| RESUMO DO ORZAMENTO                                 | 2019                   | 2020                   | 2021                   | 2022                   | TOTAL                   |
|-----------------------------------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|------------------------|-------------------------|
| Consellería de Cultura e Turismo                    | 17.664.484,60 €        | 27.868.445,09 €        | 30.666.248,09 €        | 15.849.732,00 €        |                         |
| Consellerías e outros organismos                    | 11.447.844,55 €        | 14.061.741,60 €        | 18.442.811,60 €        | 5.897.895,60 €         |                         |
| Plan de mellora das infraestruturas (investimentos) |                        |                        |                        |                        |                         |
| Consellería de Cultura e Turismo                    | 28.919.198,00 €        | 33.035.267,97 €        | 22.687.267,97 €        | 7.200.000,00 €         |                         |
| Consellerías e Outros organismos                    | 801.776,54 €           | 7.201.776,54 €         | 6.000.000,00 €         | - €                    |                         |
| <b>TOTAL</b>                                        | <b>58.833.303,69 €</b> | <b>82.167.231,19 €</b> | <b>77.796.327,66 €</b> | <b>28.947.627,60 €</b> | <b>247.744.490,13 €</b> |

- A dotación orzamentaria reflicte o **compromiso de todas as consellerías** na posta en marcha dun plan transversal.
- O marco **temporal 2019-2022** no orzamento responde a un criterio de perdurabilidade.
- O **plan de investimentos** terá unha dotación económica superior aos **105 millóns de euros**. Este plan permite deixar o Camiño de Santiago nunha mellor situación, cun enfoque máis sustentable.



## Comparativa 2021 vs 2010



No Xacobeo 2010 o orzamento global acadou a cifra de **65,53 millóns** artellado a través da Sociedade Anónima de Xestión do Xacobeo.

No ano 2021 realizase unha aportación de **77,79 millóns**, o que supón un incremento do **18,72%**.

Adicionalmente a cifra conxunta do período de vixencia do Plan, multiplícase por **máis de 3** no orzamento do presente Plan cun **enfoque de perdurabilidade**.

O orzamento do ano 2020 ten unha contía **superior** á do 2021, adicando unha maior dotación dirixida ao **Plan de mellora das infraestruturas**, co obxectivo de preparar a chegada do Xacobeo





8.

## IMPACTO ESPERADO

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021



|                                            | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 |
|--------------------------------------------|------|------|------|------|
| Previsión de incremento PIB - Xacobeo 2021 | 0,1  | 0,2  | 0,4  | 0,2  |

En termos de impacto na nosa economía o Xacobeo dará un pulo adicional do **0,9% acumulado de PIB**.

O impacto nos catro exercicios económicos, supera os **600 millóns de euros**.

|                      | PIB *<br>MM € | Incremento<br>Xacobeo 21 MM € |
|----------------------|---------------|-------------------------------|
| 2018                 | 63.935,74     | -                             |
| 2019                 | 65.534,14     | 65,53                         |
| 2020                 | 66.910,35     | 133,82                        |
| 2021                 | 68.315,47     | 273,26                        |
| 2022                 | 69.613,46     | 139,23                        |
| <b>IMPACTO TOTAL</b> |               | <b>611,84</b>                 |

\* PIB real en base 2018. Incrementos da economía de 2,4% para 2019, 1,9% para 2020 e 1,7% para 2021 e 2022



O impacto no emprego será de máis de **11.500 empregos** a tempo completo en 4 anos

|                                                | 2019  | 2020  | 2021  | 2022  | TOTAL  |
|------------------------------------------------|-------|-------|-------|-------|--------|
| Previsión de incremento emprego - Xacobeo 2021 | 1.283 | 2.566 | 5.132 | 2.566 | 11.547 |

# Impacto nº peregrinos/as e turismo



Prevese superar a cifra de **medio millón** de peregrinas/os que percorrarán o Camiño no Ano Santo, dos que a maioría, concretamente **285.408**, terán procedencia **estranxeira**.

|                                      | 2018    | 2019    | 2020    | 2021           |
|--------------------------------------|---------|---------|---------|----------------|
| N.º total de peregrinas/os           | 327.378 | 364.274 | 405.327 | <b>502.606</b> |
| N.º de peregrinas/os estranxeiras/os | 183.237 | 204.896 | 229.114 | <b>285.408</b> |

# Comparativa 2010 vs 2021



Na seguinte táboa podemos ver, nalgúns indicadores, a dimensión esperada do **Xacobeo 2021**, comparado co **Xacobeo 2010**.

| Indicador                      | 2010    | 2021<br>(estimación) | Unidade                              |
|--------------------------------|---------|----------------------|--------------------------------------|
| <b>Crecemento do PIB</b>       | 0,3*    | 0,9 **               | Crecemento do Produto Interior Bruto |
| <b>Impacto no emprego</b>      | nd      | 11.547 **            | Empregos a tempo completo            |
| <b>Número de peregrinas/os</b> | 272.417 | 502.606              | Persoas                              |

\* Estimación realizada polo *Servicio de Estudios del Grupo BBVA* en marzo de 2011 corresponde ao ano 2010

\*\* Estimación sumando o impacto do Xacobeo no período 2019-2022




# 9.

## PRIMEIROS FITOS DO XACOBEO 2021

PLAN ESTRATÉXICO DO XACOBEO 2021



# Primeiros fitos do Xacobeo 2021



**\*Finais do 2019/Principios do 2020:**

*Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela (pendente de convocar)*

**\*Último trimestre do 2019:**


*Fin das obras do AVE a Galicia. Ourense, porta do Camiño*



**XUNTA  
DE GALICIA**

*galicia*

# Primeiros fitos do Xacobeo 2021



# Plan Estratégico do Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

galicia